



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

CÓDIGO DA SERIE:12-223

DENOMINACIÓN:

Expedientes de contratación de subministracións.

FUNCIÓN: Administracións Públicas. Xestión económico-administrativa.

Contratación e xestión económica.

ÓRGANO PRODUTOR:

Consellería de Presidencia. Secretaría xeral Técnica
(12-02-1982/ 31-01-1983).

Consellería de Presidencia. Dirección Xeral de Servizos. Subdirección Xeral de
Xestión Económica. Servizo de Xestión Financeira
(1-2-1983/18-10-1983).

Consellería da Presidencia. Dirección Xeral de Servizos. Subdirección Xeral de
Xestión. Servizo Orzamentario e de Coordinación Financeira
(19-10-1983/11-1-1985).





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Consellería da Presidencia. Dirección Xeral de Servizos e Coordinación Administrativa. Subdirección Xeral de Xestión. Servizo Orzamentario e de Coordinación Financeira
(12-01-1985/19-11-1986).

Consellería da Presidencia = Consellería da Presidencia e Administración Pública. Dirección Xeral de Servizos e Coordinación Administrativa. Subdirección Xeral de Xestión. Servizo Orzamentario e de Coordinación Financeira
(20-11-1986/13-05-1988).

Consellería da Presidencia e Administración Pública. Dirección Xeral da Inspección Xeral de Servizos e de Coordinación Administrativa. Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa. Servizo de Contratación
(14-05-1988/21-05-1990).

Consellería da Presidencia e Administración Pública. Secretaría Xeral Técnica. Subdirección Xeral de Contratación
(22-05-1990/17-08-1994).

Consellería da Presidencia e Administración Pública. Secretaría Xeral. Subdirección Xeral de Contratación
(18-08-1994/17-12-2001).



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.
Secretaría Xeral. Subdirección Xeral de Contratación
(18-12-2001/03-01-2006).

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría Xeral.
Subdirección Xeral de Contratación. Servizo de Xestión Económica e Contratación
(04-01-2006/21-03-2007).

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría Xeral.
Subdirección Xeral de Contratación
(22-03-2007/25-05-2009).

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría Xeral.
Subdirección Xeral de Contratación
(26-05-2009/02-02-2011).

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría Xeral
Técnica. Subdirección Xeral de Xestión Económico-Administrativa. Servizo de
Contratación
(03-02-2011/07-12-2012).

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
Secretaría Xeral Técnica. Subdirección Xeral de Xestión Económico-Administrativa.
Servizo de Contratación
(08-12-2012/).





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

DATAS EXTREMAS:

1982/

No Arquivo de Galicia. Gaiás: 1985/1996.

CARACTERES EXTERNOS:

CLASE: Textual, figurativo e dixital.

SOPORTE: Papel e informático.

FORMATO: Expediente.

FORMA: Orixinal.

VOLUME: 56 unidades de instalación / 8 m.l. (Arquivo de Galicia. Gaiás).

DEFINICIÓN DO CONTIDO:

Expedientes tramitados no proceso de preparación e adxudicación dunha contratación que teña por obxecto a compra, o arrendamento financeiro, o arrendamento con ou sen opción de compra ou a adquisición de produtos ou bens mobles por parte da administración (exclúense os relativos a propiedades incorporais – propiedades de meros dereitos sobre bens non materiais, por exemplo, a propiedade intelectual- e valores negociables).

LEXISLACIÓN:

Estatal





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Decreto 932/1965, do 8 de abril polo que se publica o texto articulado da Lei de Bases de Contratos do Estado (BOE núm. 97, do 23 de abril).

Lei 5/1973, do 17 de marzo, de modificación parcial da Lei de contratos do Estado (BOE núm. 69, do 21 de marzo).

Decreto 3410/1975, do 25 de novembro, de aprobación do regulamento xeral de contratación do Estado (BOE núm. 311, do 27 de decembro).

Real decreto legislativo 931/1986, do 2 de maio, polo que se modifica a Lei de contratos do Estado para adecuala ao ordenamento xurídico comunitario (BOE núm. 114, do 13 de maio).

Real decreto 2528/1986, do 28 de novembro, polo que se modifica o regulamento de contratación do Estado para adaptalo ao Real decreto legislativo 931/86, do 2 de maio, e ás directrices da Comunidade Económica Europea (BOE núm. 297, do 12 de decembro).

Lei 13/1995, do 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas. (BOE núm. 119, do 19 de maio).

Real decreto 390/1996, do 1 de marzo, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos da Administración pública (BOE núm. 70, do 21 de marzo).





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Lei 53/1999, do 28 de decembro, pola que se modifica a Lei 13/1995 do 18 de maio, de contratos das administracións públicas (BOE núm. 311, do 29 de decembro).

Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas. (BOE núm. 148, do 21 de xuño).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (BOE núm. 257, do 26 de outubro).

Real decreto 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública (BOE núm. 62, do 14 de marzo).

Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (BOE núm. 28, do 31 de outubro).

Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (BOE núm. 118, do 15 de maio).

Lei 34/2010, do 5 de agosto, de modificación das leis 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais, e 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa para a adaptación á normativa comunitaria das dúas primeiras (BOE núm. 192, do 9 de agosto).

Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostible (BOE núm. 55, do 5 de marzo). (Modifica a Lei 30/2007 na disposición final 16).

Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector públicos (BOE núm. 276, do 16 de novembro de 2011).

Autonómica

Decreto 199/1995, do 10 de maio, polo que se crea o Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma (DOG núm. 129, 6 de xullo de 1995).

Orde do 23 de outubro de 1995 de desenvolvemento do Decreto 199/1995, do 10 de maio, polo que se crea o Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 216, 10 de novembro de 1995).

Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega (DOG núm. 136, 14 de xullo de 2006).





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Orde do 23 de maio de 2008 pola que se regulan os procedementos para a presentación de avais ante a Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia, e para a súa devolución, empregando medios electrónicos (DOG núm. 115, 16 de xuño de 2008).

Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula a factura electrónica e a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos en materia de contratación pública da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e entes do sector público dela dependentes (DOG núm. 15, 25 de xaneiro de 2010).

Orde do 12 de febreiro de 2010 pola que se regulan os procedementos do sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia (DOG núm. 31, 16 de febreiro de 2010).

Orde do 4 de xuño de 2010 pola que se regula a Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (DOG núm. 118, 23 de xuño 2010).

Orde do 28 de xullo de 2010 pola que se aproba o sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia e se regula o seu procedemento (DOG núm. 169, 2 de setembro de 2010).

PROCEDIMENTO:

Para os expedientes tramitados de acordo co Decreto 3410/1975, do 25 de novembro, de aprobación do Regulamento Xeral de Contratación do Estado. Derrogado en 1995 (1982/1995).



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

A. Contratos por concurso e contratación directa.

- Fase previa: trámites que deben realizarse para preparar o expediente:
 - Xustificación da necesidade do contrato.
 - Cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.
 - Comprobación da existencia de crédito.
 - Fiscalización da intervención.
 - Aprobación do gasto.
 - Acordo de iniciación.
 - Fase de licitación: apertura do procedemento de adxudicación:
 - Publicación do anuncio de contratación nos boletíns oficiais nos casos en que sexa preceptivo (DOG, BOE e DOUE) dependendo da cantidade a contratar.
 - Recepción e certificación das proposicións.
 - Actuacións da mesa de contratación.
- A) Concurso.
- Apertura das proposicións e comprobación das mesmas.
 - Elaboración da proposta de adxudicación
 - Adxudicación polo órgano encargado de verificar a contratación.
- B) Contratación directa.
- Non é necesaria a convocatoria da mesa de contratación.
 - Será preciso a consulta a máis de 3 empresas
- Adxudicación definitiva.

Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Notificación aos interesados e publicación da resolución de adxudicación nos boletíns oficiais correspondentes (sempre que sexán superiores a 5 millóns de pesetas).
- Recepción da fianza.
- Fase de contratación:
 - Formalización do contrato.
- Fase de execución:
 - Execución e, no seu caso, modificación do contrato.
 - Pagamento.

B. Contratos de subministracións menores (bens consumibles ou de fácil deterioro cun importe non superior a 100.000 ptas.)

- Proposta de adquisición razoada.
- Presentación da factura correspondente
- Pagamento.

Para os expedientes tramitados de acordo cos cambios introducidos pola Lei 13/1995, do 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas

A. Contratos por procedemento aberto, restrinxido e negociado.

- Fase previa: trámites que deben realizarse para preparar o expediente:
 - Xustificación da necesidade do contrato.
 - Cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.
 - Comprobación da existencia de crédito.
 - Fiscalización da intervención.

Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Aprobación do gasto.
- Fase de licitación: apertura do procedemento de adxudicación:
 - Publicación do anuncio de contratación nos boletíns oficiais nos casos en que sexa preceptivo (DOG, BOE e DOUE) dependendo da cantidade a contratar.
 - No caso de procedemento negociado sen publicidade, invitación aos licitadores.
 - Recepción de proposicións e certificación e das mesmas.
 - Actuacións da mesa de contratación.
 - Adxudicación.
 - Notificación aos interesados e publicación da resolución de adxudicación nos boletíns oficiais correspondentes.
- Fase de contratación:
 - Recepción da fianza.
 - Formalización do contrato.
- Fase de execución:
 - Pagamento.

B. Contratos menores.

- Xustificación da necesidade do contrato.
- Comprobación da existencia de crédito.
- Fiscalización da intervención.
- Aprobación e pagamento do gasto facturado.

DOCUMENTOS QUE FORMAN A UNIDADE DOCUMENTAL:

Arquivo de Galicia. Identificación e avaliación de series documentais.
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
12: Expedientes de contratación de subministracións

11





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Para os expedientes tramitados de acordo co Decreto 3410/1975, do 25 de novembro, de aprobación do Regulamento Xeral de Contratación do Estado, derogado en 1995 (1982/1995).

A Contratos por concurso e contratación directa.

- Informe – proposta do servizo interesado na celebración do contrato.
- Informe da Intervención Delegada sobre a suficiencia de crédito.
- Prego de cláusulas administrativas particulares.
- Prego de prescricións técnicas.
- Anuncio de licitación no boletín oficial correspondente.
- Documentos de pagamento de taxas por inserción en boletíns oficiais.
- Proposicións de licitación e outros documentos presentados polos licitadores.
- Convocatorias da mesa de contratación.
- Actas da mesa de contratación.
- Comunicación aos licitadores da apertura dos sobres.
- Informes técnicos de asesores.
- Acta de adxudicación provisional da mesa de contratación.
- Resolución de adxudicación definitiva do contrato.
- Notificación de adxudicación aos licitadores.
- De ser o caso, anuncio de adxudicación nos boletíns oficiais.
- Certificación da retirada dos documentos presentados coas proposicións por parte dos licitadores.
- Dilixencias de devolución de garantías provisionais.
- Certificado do depósito da garantía definitiva.
- Xustificantes do abono de gastos de publicación nos boletíns oficiais.





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Contrato informado pola Asesoría Xurídica.
- Acta de recepción provisional.
- Acta de recepción definitiva.
- Facturas.
- Documentos contábeis RC, A, AD, OK, O, K e ADOK.
- Dilixencia da devolución da garantía definitiva.
- Informe proposta de modificación ou prórroga do contrato (de ser o caso).

B. Contratos de subministracións menores (bens consumibles ou de fácil deterioro cun importe non superior a 100.000 ptas.)

- Informe – proposta de adquisición razoada por parte do servizo interesado.
- Facturas.
- Documentos contábeis.

Para os expedientes tramitados de acordo cos cambios introducidos pola Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das Administracións Públicas

A. Contratos por procedemento aberto, restrinxido e negociado.

- Informe – proposta do servizo interesado na celebración do contrato.
- Informe da Intervención Delegada sobre a suficiencia de crédito.
- Prego de prescricións técnicas.
- Prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resolución de apertura do expediente.
- Anuncio de licitación no boletín oficial correspondente.
- Xustificantes de pagamento de taxas por inserción en boletíns oficiais.





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Proposicións de licitación e outros documentos presentados polos licitadores.
- Convocatorias da mesa de contratación.
- Actas da mesa de contratación.
- Informes técnicos de asesores.
- Acta da mesa de contratación coa proposta de adxudicación.
- Resolución de adxudicación do contrato.
- Notificación de adxudicación aos licitadores.
- Anuncio de adxudicación nos boletíns oficiais.
- Certificación da retirada dos documentos por parte dos licitadores.
- Dilixencias de devolución de garantías provisionais.
- Certificación del depósito da garantía definitiva.
- Xustificantes do abono de gastos de publicación nos boletíns oficiais.
- Contrato informado pola Asesoría Xurídica.
- Acta de recepción.
- Facturas.
- Documentos contábeis RC, A, AD, OK, O, K e ADOK.
- Informe proposta de modificación ou prórroga do contrato (de ser o caso).
- Dilixencia da devolución da garantía definitiva.

B. Contratos menores.

- Informe – proposta do servizo interesado na celebración do contrato.
- Informe da Intervención Delegada sobre a suficiencia de crédito.
- Facturas
- Documentos contables RC, A, AD, OK, O, K e ADOK.





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

ORDENACIÓN

Cronolóxica – numérica.

INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN/CONTROL

Bases de datos do Arquivo de Galicia:

- PR-CTD(77-96)94-98
- PR130(85-98)99-07act

ÁREA DE VALORACIÓN

VALOR ADMINISTRATIVO:

Vixente durante a tramitación do expediente, o período de garantía e ata o remate dos prazos de pagamentos.

Durante os 4 anos seguintes á extinción do contrato de subministración como prazo máximo para a interposición de recurso extraordinario de revisión.

Aqueles expedientes afectados por algún tipo de reclamación ou recurso, non se verán afectados por estes prazos para establecer o seu valor.

VALOR LEGAL-XURÍDICO:

Deriva do contrato e dos documentos con el relacionados (pregos de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas) que ligan á Administración co/s contratista/s e constitúen proba de dereitos e obrigas por ambas as dúas partes.





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

VALOR INFORMATIVO - HISTÓRICO:

Estes expedientes deixan constancia das compras, arredamentos ou a adquisición de produtos ou bens mobles realizados pola Administración e da participación das empresas adxudicatarias que tomaron parte neles, pero, en xeral, o seu interese estará ligado ao carácter (bens mobles de carácter cultural, por exemplo) ou contía en que foron adquiridos os bens.

SERIES RELACIONADAS:

SERIES PRECEDENTES:

SERIES PARALELAS:

SERIES SUBORDINADAS:

SERIES DUPLICADAS:

SERIES DESCENDENTES

DOCUMENTOS COMPILADORES:

ESTIMACIÓN DA FRECUENCIA DE CONSULTA:





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

PRAZO DE TRANSFERENCIA:

Ao arquivo central ao ano dende o remate da tramitación do expediente.

Ao arquivo intermedio/histórico aos 15 anos, os expedientes seleccionados de conservación permanente.

RÉXIME DE ACCESO:

Libre, con carácter restrinxido aos datos persoais conforme á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (art.º 37) a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (art. 11) e ao Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro que aproba o Regulamento que a desenvolve (art. 27).

A liberalización da súa consulta prodúcese aos 50 anos da data do documento, de acordo coa Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español (art. 57).

ÁREA DE SELECCIÓN

REFERENCIAS AO DITAMINADO POR OUTRAS COMISIÓNS DE AVALIACIÓN:

Canarias: contratos menores: eliminación total aos 5 anos.

Cataluña: no caso de material inventariable, conservación permanente, agás as subministracións que fosen obxecto de homologación, que se conservarán un



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

prazo de dez anos. Unha vez esgotado este prazo, aplicación dunha mostraxe cronolóxica pola cal se conservarán os expedientes dos anos acabados en 0 e 5 ata 1975, e en 1 e 6 dende o ano 1981.

No caso de material non inventariable, conservación dos expedientes dez anos. Unha vez esgotado este prazo, aplicación dunha mostraxe cronolóxica pola cal se conservarán os anos rematados en 0 e 5 ata 1975, e en 1 e 6 dende o ano 1981.

PROPOSTA:

Atendendo ao seu valor informativo histórico, e ao proposto por outras comunidades autónomas, proponse para esta serie unha dobre valoración baseada non a criterios cuantitativos, procedimentais ou do modelo de contratación da subministración, senón atendendo á súa natureza e á consideración do material adquirido como inventariábel ou non inventariable:

No caso de material inventariable:

Conservación permanente, agás as subministracións que fosen obxecto de homologación, que se conservarán un prazo de dez anos. Unha vez esgotada este prazo, eliminación total conservándose unha mostraxe cronolóxica como testemuña.

No caso de material non inventariable:





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Conservación dos expedientes dez anos no Arquivo central. Recomendándose facer unha eliminación parcial excluindo a documentación que acompaña ás proposicións e os documentos acreditativos dos licitadores non seleccionados (poderes persoais, estatutos, DNI, CIF, etc.). Unha vez esgotado este prazo no Arquivo central, eliminación total aos 10 anos, conservándose unha mostraxe cronolóxica como testemuño.

ÁREA DE NOTAS

- IDENTIFICACIÓN. Definición do contido: Pódense diferenciar tres tipos de contrato:

a) O contrato de subministración tradicional caracterizado pola adquisición pola Administración, en forma sucesiva, de produtos o bens mobles, por un prezo unitario e sen que se coñeza a contía ou volume total dos bens que se han adquirir (adquisición de alimentos para un hospital, adquisición de papel para unha oficina, etcétera).

b) Os de fabricación, polos que as cousas que deban de ser entregadas polo empresario deban ser elaboradas con arreglo ás características peculiares previamente fixadas pola Administración.

c) Adquisición e arrendamento de equipos e sistemas para o tratamento da información, os seus dispositivos e programas e a cesión do dereito de uso de estes últimos, así como de equipos e sistemas de telecomunicacións. (É imprescindible que tales equipos e programas non sexan á medida, xa que de ser o caso, o contrato hase facer como contrato de servizos)





Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Este tipo de contratos poderase adxudicar por concurso ou por adxudicación directa.

- IDENTIFICACIÓN. Procedemento: existen 3 tipos de tramitación para os expedientes de contratación:

- Ordinaria.
- Urxente.
- De réxime excepcional (en casos de emerxencias).

A diferenza radica principalmente nos prazos para a licitación e adxudicación do contrato.

Os contratos de subministracións celebrados pola Administración poden adxudicarse:

- Ata 1995, a forma ordinaria de adxudicación era o concurso (art. 87 do texto refundido da Lei de 1965). A adxudicación directa só podía ter lugar nos seguintes supostos:
 - o Cando non era posible promover a concorrência na oferta por versar sobre produtos amparados por patentes ou que constituían modelos de utilidade, ou sobre cousas de que haxa un só produtor ou posuidor, ou cando pr circunstancias excepcionais non conveña promover concorrência na oferta.



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Os de adquisición de produtos comprendidos nalgúns dos monopolios do Estado ou de artigos sometidos a taxa ou distribución de consumo.
 - Os de recoñecida urxencia, xurdida como consecuencia de circunstancias imprevisibles que demandasen un rápido subministro que non dea lugar ás formalidades da licitación urxente.
 - Os de subministracións de bens que non excedesen en total de 1.5000.000 pesetas.
 - Por motivos relacionados coa seguridade do estado.
 - Os anunciados a concurso que non chegasen a se adxudicar por falla de oferentes, pola non admisión das ofertas presentadas ou porque o empresario non cumpra as condicións necesarias para a formalización do contrato.
 - Os que se referisen a bens cuxa uniformidade fose declarada polo Consello de Ministros, sempre que a adopción do tipo de que se tate se fixese previamente en virtude de concurso.
- Despois da Lei 13/1995, do 18 de maio, serán polos procedementos aberto, restrinxido ou negociado (este último pode ser con ou sen publicidade). Nos dous primeiros, a adxudicación podía ser por poxa ou por concurso. Pero aquela só podía empregarse naquelas adquisicións de escasa contía nas que os produtos a adquirir estivesen perfectamente definidos por estar normalizados e non ser posible variar os prazos de entrega, nin introducir modificacións de ningunha clase no contrato, quedando por conseguinte o prezo como único factor determinante da adxudicación.
- O procedemento negociado sen publicidade podía utilizarse cando:





IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Cando o contrato non chegase a adxudicarse en procedemento aberto ou restrinxido por falla de licitadores ou porque os presentados non fosen admitidos a licitación, sempre que non se modifiquen as condicións orixinais do contrato, salvo o prezo.
- Cando os produtos se fabricasen para fins de experimentación, estudo ou desenvolvemento.
- Candos só fose posible a adxudicación a un único provedor a causa da súa especificidade técnica, artística, ou por razóns relacionadas coa protección de dereitos exclusivos.
- Por motivos de imperiosa urxencia resultantes de acontecementos imprevisibles.
- No caso de entregas complementarias efectuadas por un provedor inicial que constitúan, ben unha reposición de subministración ou instalacións de uso corrente ou ben un extensión das subministracións ou instalación existentes, para evitar incompatibilidades ou dificultades técnicas de uso e mantemento desproporcionadas.
- Os que se referisen a bens cuxa uniformidade fose declarada necesaria para a súa utilización común pola administración, sempre que a adopción do tipo de que se tratase se efectuase, previamente, en virtude de concurso.
- Os de bens de contía inferior a 5.000.000 de pesetas ou 8.000.000 no caso de fabricación de cousas elaboradas con



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

arrego a características peculiares fixadas previamente pola Administración.

- A adquisición de bens mobles que integran o Patrimonio Histórico Español, previa valoración do órgano competente, que se destinen a museos, arquivos ou bibliotecas.
- Os de adquisición de produtos consumibles, perecedoiros ou de fácil deterioro, de contía inferior a 10.000.000 de pesetas.
- Nas adxudicacións dos contratos que sexan consecuencia dun acordo ou contrato marco, sempre que este fose adxudicado de acordo coas normas da Lei de contratos.

ÁREA DE CONTROL

DATA DE ELABORACIÓN: novembro de 2011.

REVISIÓN: outubro de 2013.